

Pintos, precursor entre os precursores

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2011]). “Pintos, precursor entre os precursores”.
Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1006>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 6 de xullo de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

PINTOS, PRECURSOR ENTRE PRECURSORES

Anxo Angueira

“Una verdadera noche reinaba en el cielo literario de Galicia. Los soldados andaban dispersos, los combates eran imposibles. De todo aquel rumor, de todas aquellas esperanzas nacidas al calor de la revolución de julio [a de 1854], no quedaba más que un eco, una esperanza que vivía y se manifestaba en las columnas de *El Miño*, el periódico que de una manera más decisiva influyó en los destinos de nuestro país. En él se había refugiado cuanto conservábamos de vivaz y fecundo, en él se reflejaba el espíritu de una generación que parecía haber traído al mundo como única tarea la de crear una nueva Galicia y fecundar los gérmenes de vida que este pueblo encierra.”

Así se expresaba Manuel Murguía (1975, 182) nun dos parágrafos dedicados a Rosalía de Castro, a súa esposa recién finada, en *Los precursores*. Xoán Manuel Pintos non está na listaxe. Non pode estalo. Para Murguía son precursores só os da súa propia xeración, quizais coa única excepción de Antolín Faraldo, que el coloca na presenteira, como antecedente simbólico, máis político ca literario. E sono teñan ou non obra literaria publicada. Xa con bastante fel lle espetaba Juan Barco (“Precursores ¿de que?”) a propósito da inclusión de Cendón, Sánchez Deus, Moreno Astray ou Avendaño e da exclusión de Pastor Díaz, García Mosquera, Alberto Camino, Valladares ou Xoán Manuel Pintos. Ou Xoán Manuel Pintos. O propio Murguía, seguindo a polémica polo traballo de José Antonio Durán (1999, 99 e 183) reconece pouco despois, en carta enviada a *El Eco de Galicia* de La Habana, que o título do seu libro pode ser “un tanto pretencioso” e nunhas liñas moi pouco posteriores ás antes citadas di:

“Esta dirección puramente provincial, no era en verdad cosa nueva, pero tomaba en nuestras manos mayor fuerza. Por más que pusiésemos en ello nuestra alma y nuestra sangre, otros antes habían querido lo que nosotros: no era la primera vez que se perseguían tan nobles ideales, prueba de la vitalidad de los pensamientos que nos animaban. Si antes no se habían realizado, era porque había faltado la unidad en los trabajos, y una más clara noción en todos de la obra emprendida. Así resultó estéril, pues sólo podía ser fecunda siendo completa.”

Probablemente sexa esta a primeira vez en toda a historia do sistema literario galego que se reconece a existencia e a pertenza a unha xeración, que se reivindicada tan vehementemente a súa unidade, a súa coordinación e os resultados do seu esforzo. Detrás tamén, creo que non debemos esquecerlo, está o novo proxecto político que Murguía se prepara para liderar: o proxecto político rexionalista. Velaí, pois, por que Antolín Faraldo.

Pero contra a noite que reinaba no ceo literario de Galicia, houbera outras alboradas, quizais non tan poderosas como a de Rosalía ou a de Pondal, ou a do propio Murguía, pero igualmente luminosas. Carballo Calero, na súa monumental Historia da Literatura (Carballo Calero, 1975), esfarela para sempre o concepto de precursores de Murguía. O grande polígrafo ferrolán chámalles precursores a aqueles escritores que, independentemente da súa idade, se manifestan e publican entre a morte de Fernando VII (1833) e a celebración dos Xogos Florais de 1861 ou, como el di, se se quere, a publicación dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Son, por conseguinte, autores do tempo de Isabel II anteriores a Rosalía. Carballo Calero xustifica a inclusión de escritores nados no XVIII, coma Vicente Turnes, (1786) ó lado dos nados mesmo na década dos trinta do século XIX, na que tamén naceron Murguía, Rosalía e Pondal, como Pérez Ballesteros ou Saco e Arce, indicando que todos se formaron literariamente antes da aparición dos *Cantares* de Rosalía e, para nós moi acertadamente, que “O que non cabe é unha prisión celular perfecta, onde podan se recluír en departamentos feitos á medida os poetas que viviron neste mundo noso de continxencias e contradicións, e non nun mundo ideal de arquetipos lóxicos” (Carballo Calero, 1975, 68).

Efectivamente, ademais da idade, hai unha formación, un tempo, unhas circunstancias históricas vividas, uns horizontes comúns. Desde o punto de vista da análise sistémica, a delimitación de xeracións por cronoloxía, aínda que regularmente rendedoiira, non debe obvia-lo conflito de repertorios nunha mesma época. Na década de 1920 publican Cabanillas, Otero Pedrayo e Manoel Antonio, tres xeracións ben distintas, no estético e no político, pero de discurso simultáneo. En todo caso, o que si se recoñece dun xeito nítido desde Carballo Calero é que hai un antes e un despois de Rosalía e que a publicación de *Cantares gallegos*, que marcaría o Rexurdimento pleno, fora precedida polo traballo dunha importante nómina de autores. O chamarlle precursores tiña, pois, toda lóxica e sentido.

Pois ben, é na nómina destes precursores entre os que Carballo Calero sitúa non, destaca a figura de Xoán Manuel Pintos dicindo (Carballo Calero, 1975, 75): “A importancia histórica de Pintos é extraordinaria. Pintos é realmente o grande precursor”, para logo cita-las palabras de Ramón Cabanillas referíndose a *A gaita gallega*: este libro é a pedra de alicerce da nosa renacemento”. Cremos efectivamente que o papel de Pintos dentro desta xeración é de principal protagonismo. Ó seu lado só nos atreveriamos a situar a Francisco Añón, o Virxilio que sintomaticamente escolle Curros por compañía no seu extraordinario *O divino sainete*, primeiro espello en que se mira o sistema literario galego, a Marcial Valladares ou ó berciano Antonio Fernández Morales, o único que, xunto con Pintos, aínda que en León, tiña un libro publicado en galego, os seus ben interesantes *Ensaíos poéticos en dialecto berciano*, antes de 1863, concretamente en 1861. Tamén Pintos ten xeración. E se os precursores de Murguía (Pondal, Aguirre, Rosalía), estaban marcados, como el nos dicía, polas esperanzas nadas á calor da revolución de xullo, a de 1854, Xoán Manuel Pintos, como Añón ou Fernández Morales ou Marcial Valladares ou Alberto Camino ou Antolín Faraldo, son da xeración marcada, a ferro nalgúns casos, coma no do betanceiro, polo pronunciamento de 1846 e a posterior represión. Son a xeración do provincialismo que, como nos ensina Barreiro Fernández, é filla do liberalismo político, das ideas progresistas e transformadoras, dun horizonte de xustiza, dignidade e libertade para Galicia. De entre os da súa xeración pois, polo menos no que se refire á incidencia no sistema literario galego, sobresa a figura de Xoán Manuel Pintos: a súa *A gaita gallega* é a primeira obra de consistencia, o primeiro libro publicado en galego. Alén diso, como tódolos autores

que se achegaron a ela nos deixaron dito (Carballo Calero, Carme Hermida, Xosé Xove, Carme Ríos Panisse, etc.), é unha obra de importancia e interese múltiples: literario, lingüístico, sociolingüístico, filolóxico, léxico, pedagóxico... Considerando tamén a obra dispersa non incluída en *A gaita gallega*, o conxunto da obra de Pintos, en comparación coa dos seus compañeiros de xeración, sobresaie pola súa calidade, pola súa cantidade e por unha tendencia monolingüe poderosamente acentuada e insólita no seu tempo. Pero hai algo máis. Pintos editou o *Coloquio en mil duascentas coplas* de Sarmiento en 1859 e foi o principal valedor do frade bieito en todo o século XIX, como nos demostra a sétima, a derradeira foliada d' *A gaita*, lugar sintagmaticamente moi relevante da obra, reservado para o “inmortal” frei Martín Sarmiento, ou Sarmento, como lle decía Pintos. Non se trata, ó noso parecer, dunha cuestión localista. Como nos demostra Xosé Xove Ferreiro (1997), Pintos coñecía unha boa parte da enciclopédica obra de Sarmiento, que admiraba e que deixou unha clara influencia no seu labor e nas súas ideas.

Isto, sobre todo isto, o influxo de Sarmiento en Pintos, que a única obra literaria en galego de Sarmiento, da man de Pintos, deixase de circular en manuscritos e vise a luz da imprenta en 1859, en momentos singularmente epifánicos do noso Rexurdimento, lévanos a reconstruír unha nova instancia para o sistema literario galego. Os precursores establecidos por Carballo Calero, que desmontaba na onomástica e na función ós precursores de Murguía, teñen un precursor: o Padre Sarmiento. Probabelmente non somos os únicos nin os primeiros, pero sómoslles desta idea, unha idea advertida por Carme Hermida, por Méndez Ferrín e aquí en Pontevedra, no acto que a Academia Galega celebrou en conmemoración deste ano Pintos, nas palabras de Xosé Luís Axeitos (2011):

“En xeral, o concepto de *precursor* entendémolo, nun contexto cultural, como unha persoa que abre camiños e horizontes a outra persoa, a unha xeración ou mesmo a toda unha cultura; tal é o caso do Padre Sarmiento. Esta concepción clásica de *precursor* actúa como unha categoría da historia que opera dende o pasado cara ó futuro e a categoría crítica que responde a todos estes aspectos é, tamén, a categoría clásica de *influencia*.”

E falando da función de Pintos di:

“Da escritura oceánica de Sarmiento, Pintos elixe aqueles aspectos que inician a textualización da nosa cultura, fixando a ortografía, a sintaxe, o corpus lexicográfico, permitindo deste xeito o agrupamento do pobo arredor do seu idioma. Por iso Xoán Manuel Pintos publica as coplas de Sarmiento, coñece o comento das mesmas, recompila léxico e, seguindo a liña dos compañeiros sarmientistas, non soamente reivindica o bieito como precursor senón que tamén o está inventando. Cando elixe estas obras textualizadoras e dignificadoras da nosa cultura desbotando a obra enciclopédica, moitas veces arbitrista, Pintos está a construír un precursor. Coa súa lectura de Sarmiento, Pintos propón unha visión de amplos horizontes para o futuro, modificando o concepto clásico de precursor, que establece unha especie de tiranía intelectual do pasado sobre o presente. O autor d' *A Gaita Gallega*, proxecta a necesidades da cultura galega do seu tempo –recuperación da fala e da autoestima– sobre a obra oceánica de Sarmiento para rescatar soamente aqueles aspectos que incidían na súa idea de país. Deste xeito, Pintos convértese el mesmo en precursor labrando a Sarmiento como piar da cultura galega”.

Comprendo que esta reviravolta final dada por Axeitos, poida enlevar este noso discurso. Clarifiquemos, pois, que, seguindo a Pintos e puntualizando os criterios de Murguía e de

Carballo Calero, consideramos Sarmiento e o seu *Coloquio*, raíz, alicerce, precursor en definitiva do Rexurdimento e do sistema literario galego, da Literatura Galega Contemporánea. Na noite, nas tebras seculares de Galicia, a primeira luz, as primeira alborada foi Sarmiento.

Mais para sustentar isto, cómpre botar man dalgún argumento máis. Non é doado retrotraer o nacemento da nosa literatura contemporánea a Sarmiento e ó *Coloquio*. Por exemplo, na *Historia da Literatura galega contemporánea* de Carballo Calero ningún dos dous existen. E non existen se concibimos a historia da literatura coma unha rixida prisión celular de carácter cronolóxico. Para o profesor ferrolán, a literatura galega contemporánea comeza no século XIX. Se contemporáneo é o posterior á Revolución Francesa, Sarmiento non é contemporáneo: o seu *Coloquio* é de 1746 e el morre en 1772. Agora ben, se, como nós pensamos, o sistema literario galego nace na idade contemporánea e se desenvolve asociado a un campo político que procura a dignidade de Galicia en tódalas súas dimensións, Sarmiento é o pai, o auténtico precursor do sistema e o seu *Coloquio* a pedra basilar da literatura galega contemporánea.

Ademais da cuestión cronolóxica está a dificultade da cuestión política. Con ben menos entusiasmo ca Pintos fala Beramendi deste aspecto de Sarmiento. O profesor Beramendi recoñécelle a Sarmiento, e cito textualmente, estas ideas (Beramendi, 56):

“a vindicación dun pretérito histórico en que, amén de existir a estrutura social desexable, a comunidade en cuestión (neste caso, Galicia) tiña dereito a usar a súa lingua propia e gozaba dun alto grao de autosuficiencia económica e política, beneficios que perde pola imposición dun poder exterior nun momento clave do seu devir; a defensa da lingua e da cultura enxebres, que sobreviviron no interin refuxiadas no pobo e particularmente no campesiñado; a existencia dun modo de ser e de pensar, dun “carácter” ou “xenio” específico dese pobo, que xustifica tanto o rexeitamento de todo gobernante alleo como a crítica dos naturais que colaboran cos funcionarios foráneos; e o argumento do expolio colonial, o que implica considerar ese conxunto humano como unha “persoa” económica con intereses xerais propios e ás veces contrarios ós doutros entes colectivos”.

Mais todo isto para Justo Beramendi está en Sarmiento “como referencias soltas, como apoios dialécticos ou como simples invectivas”, “Sarmiento aduba o seu discurso con ideas [estas que acaba de citar] que, adecuadamente desenvolvidas e estruturadas, adoitan estar presentes en certos conceptos de nación”. Evidentemente. Mais non lle podemos pedir a Sarmiento, para ser protonacionalista, que escriba a mediados do XVIII a *Teoría do nacionalismo* de Vicente Risco.

En *De provincia a nación*, Sarmiento nin é conservador reformista, nin filoliberal: é un utópico refeudalizante, aínda que as súas ideas apuntan cara un galeguismo incipiente, o seu non é un prenatalismo político, senón unha proposta proseñorial de mutación socioeconómica (Beramendi, 57). Non cremos que o pensamento de Sarmiento, considerado xeralmente coma un grande avanzado do seu tempo, como nos demostran as teses de Pilar Allegue (2001) e de Mercedes Álvarez Lires (2002), supoña unha volta ó suposto paraíso socio-político perdido da Idade Media. Quen naquel tempo, e aquela si que era noite negra no ceo de Galicia, defendendo a sociedade estamentaria, defendía a igualdade total de home e muller na racionalidade e nas aptitudes, preconizando unha educación igualitaria para ambos; quen ten na defensa da saúde e do benestar do xénero humano o piar básico do avance das ciencias e das técnicas; quen se aproxima ás teses do movemento da nova ciencia, dentro dunha dinámica progresista procedente do puritanismo inglés, que

consideraba o empuxe político e a ciencia coma unha unidade, como nos di Álvarez Lires (293-295); quen, por outro lado, e de ningún xeito retórico, dixo que Galicia ocupou a partir de certo momento o norte das súas arelas; quen defendeu tan vehementemente a dignidade de pobo galego (a súa lingua, a súa cultura, a súa terra), ese principio motor do Rexurdimento todo, retomado por Rosalía de Castro no manifesto independentista que é o prólogo a *Cantares Gallegos*, ben pode ter, cremos nós, tamén o papel de precursor do galeguismo. Na base do Rexurdimento, a Ilustración. De provincia a nación. Pero tamén de Reino, como Sarmiento lle chama a Galicia insistentemente no *Coloquio*, o de don García, como diría o outro, á futura república galega de Manoel Antonio.

Pero falemos de literatura e prosigamos co entusiasmo de Pintos. Quen é unanimemente recoñecido como o pai da filoloxía galega; quen primeiro reflexionou sobre o galego como lingua independente, sobre a súa orixe e a súa historia; quen coñecendo o portugués e os textos galegos medievais, líricos e prosísticos, ideou un sistema ortográfico que, como nos demostra o profesor Mariño Paz (1997 e 1998), con leves mutacións, é o hoxe vixente; quen escribiu en lingua galega as 1200 coplas do *Coloquio*, ben pode ter, cremos nós, tamén o papel de precursor do sistema literario galego contemporáneo.

O *Coloquio*. O *Coloquio* dos 24 galegos rústicos tivo a má fortuna literaria que tiveron *A gaita* de Pintos, os *Ensaíos poéticos* de Fernández Morales, en certo sentido mesmo os *Cantares gallegos* de Rosalía e, chégalle ben, *O divino sainete* de Curros Enríquez. Todas elas obras, é a nosa opinión, inxustamente desconsideradas e mal lidas desde o punto de vista estético, literario, nas historias da literatura vixentes. O *Coloquio* é tratado regularmente como obra de interese filolóxico, ortográfico, léxico ou lingüístico. Pero é unha obra á que se lle nega calquera valor literario, en boa medida seguindo as palabras do autor, coma quen segue as de Rosalía, esquecendo a *captatio benevolentiae*. Versos para ler e queimar. Pintos, é claro, contestou todo isto. Mais antes de entrar nos valores literarios intrínsecos, vexamos se foi ou non unha obra lida e seguida no Rexurdimento, vexamos se foi ou non obra de referencia para os precursores de Murguía e para os de Carballo Calero.

Fóra de cuestións lingüísticas, sociolingüísticas, filolóxicas e ortográficas, Xosé Xove Ferreiro (1997) e Xosé Manuel Vélez Latorre (1997) testemuñaron o influxo literario de Sarmiento en Pintos, do *Coloquio* n' *A gaita gallega*, pero tamén nos poemas iniciais, moito anteriores, de Pintos. Desde “O primerio poema en galego (1842) de Xosé Manuel Pintos Villar” recentemente descuberto por Carme Hermida (2010), practica o noso poeta exactamente o mesmo metro e a mesma rima do *Coloquio*: hexasílabos en rima asonante e-o nos pares: “No chan que en Morrazo / chaman os galegos / chan de Parafita, / que chega hasta o ceo, / que está no camiño / que vai ao Ribeiro / dendes Pontevedra, / a vila do Reino... “. O Reino, si, o Reino de Galicia. Aduce a profesora da Terra de Montes para xustificar a atribución do texto a Pintos cuestións caligráficas, cronolóxicas de historia e familia, todas elas certas e seguras. Mais, a música..., a música dese poema é exactamente a mesma do *Coloquio*, unha razón, e literaria, de tanto peso como as outras partindo do coñecemento que o noso autor tiña de Sarmiento e da admiración e fidelidade que lle profesaba. No poema explícalle Pintos a seu pai o nacemento do seu propio fillo: “E que muitos anos / vexa este seu neto / nado en Cambados / numha corta feira / no ano de Cristo / de mil e oitocentos / mais corenta e dous / en tempo d' inverno”. Naceu un fillo de Pintos, o humilde poema alumea, con xenética literaria segura, un neto de Sarmiento. E este emblema formal percorre toda a obra do noso autor. No daquela “O primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos”, de 1843, dado a coñecer por Xosé Xove Ferreiro (1999), volve aparecer no medio da composición. E se seguimos facendo percorrido pola *Obra*

poética dispersa editada por Ríos Panisse (2006) volvemos bater permanentemente nel: en “Contos da aldea” (1846) e en boa parte dos seus longuísimos “Contos de aldea que parecen historias da vila”. E n’*A gaita gallega*, claro. E n’*A gaita gallega*. A música do *Coloquio* de Sarmiento soa en tódalas foliadas, unhas veces no hexasílabo orixinal, como no primoroso “Soño que tivo un home no ano 45”: “Soñaba que vía, / parez que o estou vendo / un mundo de homes, / de homes gallegos, / de homes forzudos, / de homes labregos, no monte máis alto / do noso terreo / correr a juntarse / pola mañán cedo.”

Outras veces a música soa no octosílabo tamén en e-o, como en “Os birbirichos e os birbiricheiros”, probabelmente a primeira homenaxe que coñezamos ós traballadores e ás traballadoras do mar, da seca do Serrido, do Cambados da Arousa, e ó seu humilde cultivo: o birbiricho. É unha música na que Pintos está convocando, cunha fidelidade e unha lealdade admirábeis, aquel modesto monxe preminente. É a música mesmo coa que del se despide nos tercetos finais do soneto “A Sarmiento” de 1859:

Si o chan ingrato do teu berse ollas,
que veña a ollada chea de contento
fítar no Burgo, e que bulir as follas

do Paraíso vexa o entendimento
a quen louor che bota, e que o recollas
suprícache doutísimo Sarmiento.

Tanto Xosé Xove como Xosé Vélez apuntan tamén como claro eco de Sarmiento as longas enumeracións de fartura léxica que aparecen especialmente n’*A gaita gallega*. O *Coloquio* contén numerosas enumeracións nas que se plasma un rico repertorio léxico que Mariño Paz explica como xustificadoras das posteriores glosas do autor. E claramente. Mais tamén está a función acumulativa. A lingua dos pobres, a lingua do pobo que non se escribe nin se le nas escolas nin na igrexa nin en parte ningunha, é unha lingua rica, un tesouro millonario. A literatura é tamén o canastro, a cabana, o piorno, o cabazo, o espi-gueiro, o hórreo no que recoller todo ese tesouro e preservalo. Esta pulsión léxica de Sarmiento está moi claramente tamén en Pintos (memorables os sirventesios hendecasilabos d’*A gaita*) e cremos que cunha función similar. Poemas longos de Pintos, das dimensións dos de Fernández Morales, imitantes do Padre e da súa pulsión de enche-lo canastro de fartura. Participamos da fascinación de Xosé Manuel Vélez (173) e da súa re-capitulación:

Quizais tiña conciencia de que o maior favor que lles podía facer a esas queridas palabras era poñelas en vida, sacándoas do repertorio. (...) Gustaríanos ver un estudio algún día, para poder ver como foi a lectura e a curiosidade provocada por Sarmiento a que fixo precisamente a Pintos autor desa estraña e provocadora proclama estética que é *A gaita gallega*, onde a lexicografía se fai estilo e poesía: as foliadas do Gaiteiro da Moureira son un curioso milagro da palabra e da paciencia erudita, que está na orixe da nosa Literatura, pensamos, polo menos con tanta dignidade como a canción da “meniña gaiteira” que apareceu en 1863, *melioribus fatis*, destinada a maior fama.

Con menos intensidade ca en Pintos, pero a música de Sarmiento e a súa pulsión léxica aparecen aquí e acolá, en todo o XIX. A música do *Coloquio* é exactamente a mesma de poemas tan emblemáticos coma o de Curros, aínda que este, moi infelizmente para nós non incluíse Sarmiento, substituído por Feixoo, na Santa Compañía laica d’*O Divino Sainete*:

Aí vén o maio
de frores cuberto
puxéronse á porta
cantándome os nenos
e os puchos furados
pra min estendendo
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.

E o Tío Marcos da Portela, nome que significativamente escolle Valentín Lamas Carvajal para a súa publicación periódica, a primeira monolingüe en galego, transmutado en Gaiteiro da Moureira ou en meniña gaiteira, non cesa de estar presente e de ser convocado. A propósito da meniña gaiteira. Na súa Historia da Literatura Galega Contemporánea, Carballo Calero costuma asimilar o cultivo da literatura popular durante o século XIX ó romantismo. É entón Sarmiento, coas súas coplas hexasilábicas de touporroutou, coa súa oceánica muiñeira inacabada e as súas personaxes populares un romántico? Non, claro que non. Pero o repertorio por el escollido e utilizado é o mesmo que van utilizar numerosísimos poetas despois, ou seguindo o seu modelo e referencia ou o seu principio. Sarmiento bebe na fonte onde tantos e tantos continuaron bebendo, fonte manatía, inesgotábel. Porque o repertorio da literatura oral e popular, sendo un repertorio marxinal, un marxinal literario (tamén o era a lingua), resulta alta e profundamente rendedoiro, tan aproveitábel coma o porco, do rabo até o fuciño, freba e gordura, coiro, sangue e angumiños. E así foi aproveitado, até o máximo, con reviravoltas extraordinarias coma as citadas de Pintos, Morales, Rosalía ou Curros, e sempre con praxe estética moito máis realista ca romántica, dado que, por un lado, contiña unha cifra evidente de independencia e, por outro, era portador do suxeito político que tivo todo o século XIX: o pobo. O suxeito literario de Sarmiento é o suxeito literario de todo o Rexurdimento e máis alá: o pobo; como o suxeito político de Sarmiento é o suxeito político de todo o provincialismo e máis alá. O pobo: ese pobo de Sarmiento cos seus nomes moitas veces hipocorísticos, con alcume ou procedencia, Peruchos, Maruxas, Xepes, Minguíñas, Antóns, Bieitos, Brases, Xans Farrucas e Catuxas que enchen o teatro literario de todo o XIX; ese pobo que regresa da sega dos “castellanos de Castilla”, como regresaban ó Bierzo de Fernández Morales en “Na volta da sega”, “O gaiteiro de Sorribas / i o capador de Magaz (...) / O primeiro con seu fillo / i o segundo con dous máis, / que viña de aló das Castillas / onde foran a segar; / pois non sólo son galegos / os cuarenta mil e máis / que todos, todos os anos / a facer a sega van”; ese pobo de labregos e labregas, mozos e vellos, que vai e vén cargado do mercado; ese pobo de criados e criadas de servir en Madrid; a patria humilde que chega de Sarmiento, con pequenas modifiaicións e a incorporación do proletariado, deica Uxío Novoneyra; ese pobo que come, brinca e baila, ri e critica, e traballa e sofre e canta, así na Chan da Parafita coma na lingua que eu falo da meniña gaiteira.

Porque, e agora? Se Sarmiento recolleu cantares populares, sendo tamén nisto pioneiro, como nos aclara Domingos Blanco, e na súa obra de creación os imita esteticamente, é Sarmiento co seu *Coloquio* en muiñeira un “antecesor” de Rosalía e dos *Cantares gallegos*? Pois si, claramente. A meniña gaiteira é unha actualización do Tío Marcos da Portela, que tanto e tan ben deixa falar a Maruxa das Rulas e a Minguíña do Rego. Rosalía de Castro, sin gramática nin regras de ningunha cras non, coa gramática e as regras emanadas de Sarmiento, no poema inicial do seu libro, lugar tamén sintagmaticamente relevante, deixa as marcas, as farangullas que nos levan ó *Coloquio*. Un lector avisado tiña que ter clara

esta homenaxe. A música deste poema é a música, tamén en muiñeira e touporroutou, que xa coñecemos:

No *Coloquio*: Ouvo foliadas / nas ruas, nos eidos / todo era festiña, / todo era contento.
/ Bailaban as mozas / ao son do pandeiro, / con elas bailaban / os mozos manzebos. /
Andaban as turras / e mais á os trebellos / os parvos, sandios, / meniñas e nenos; / (...)
Todos reloucaban / xa mozos, xa vellos, / xa pobres, xa ricos, / xa frades, xa cregos.

En “Has de cantar”: Tocaban as gaitas / Ó son das pandeiras, / bailaban os mozos / cas
mozas modestas. / (...) Buscaime, rapazas, / velliñas, mociños, / buscaime antre os
robres, / buscaime antre os millos, / nas portas dos ricos, / nas portas dos probes, /
que aquestes cantares / a todos responden.

Creemos que foi Méndez Ferrín, na súa alocución pronunciada no Teatro Vilafranquino de Vilafranca do Bierzo, coa ocasión solemne do acto literario co que a RAG honrou o Padre Sarmiento no ano de 2002 en que lle dedicou o Día das Letras Galegas (Méndez Ferrín, 2002, 135), quen primeiro defendeu as notábeis características intrínsecas do *Coloquio* do Padre Sarmiento, defendendo tamén a súa privilexiada situación, como base e alicerce, a respecto do Rexurdimento Galego. Destaca Méndez Ferrín a presenza de Madrid e da política metropolitana deste primeiro madrigalego contemporáneo, a sátira carnavalesca e esperpéntica de filiación bahtiniana, onde todo o asalta o inferior corporal, que el asocia a Curros pero que sen a que tampouco se pode entender a Fernández Morales, certo anticlericalismo, a autocensura... Para Méndez Ferrín “as Coplas establecen un modelo fixo, ou eixo tópico, sobre o que xira toda a literatura galega posterior. O pobre como protagonista narrativo; a crítica anticlerical; a gaita, a sanfona, a muiñeira e a choureira (ghota) como distintivos tradicionais; a Saudade como verba superior e simbólica (...); e outras cousas que agora non son do caso pro entre as cales incluíríamos a Paisaxe, sequer en estado embrionario” (139).

Pois si. E tamén a paisaxe. Nós diríamos, mellor, a apropiación da paisaxe, do lugar, do espazo. Xa noutro lugar deixamos dito (Angueira, 2011), a propósito de Novoneyra e d’*Os eidos*, que foi Sarmiento quen modernamente instituíu o lugar concreto, a terra determinada, as singular paisaxe como elemento fundamental no que se desenvolve a propia poética. Este proceso de apropiación, que mesmo remitía a moitos trobadores e xograres medievais (Martín Códax, Bernal de Bonaval, Meendiño, Xohan Servando...), aparece no *Coloquio* na presenteira do texto. Marcos da Portela abre a boca e desempuña a pena para nos situar: “No chan que en Morrazo / chaman os galegos / chan de Parafita, /que chega hasta o ceo”.

E veñen logo, vistas desde alí, as dúas marxes da ría de Marín ou ría de Pontevedra. O percurso remata no centro, no corazón da boa vila. É o orgullo de Sarmiento, o orgullo de pertenza a unha terra, a un mar, a uns nomes:

Se ve o mar bravo,
se ve o mar quedo,
de Ons e do Tambo
as illas ao lexos.

Se ven Portonovo
e, xunto San Xenxo,
Marín e Combarro,
Lourido e Campelo.

Se ven o Castrove
e mais Montecelo,
tamén San Zibrán
e mais o Castelo.

Do norte está posto
o lindo convento
dos frades de Lérez,
que está nun outeiro.

Alí donde sempre
van muitos romeiros
ao San Benitiño,
santiño ben feito.

Tamén de aquel chan
se ven, que están preto,
os olhos da Ponte
e o Burgo pequeno.

Morrazo, se fora
máis chan seu terreo,
se vira de frente
casi todo enteiro.

Por fin os navíos
e barcos dos pescos
se ven navegar-e,
e máis se están quedos.

Os olhos se fartan
con tanto recreo
de terra, de verde
de mar e de ceo.

Pintos, pontevedrés coma Sarmiento, fai ocupación da súa boa vila. Seguindo o roteiro ideado por Ana Acuña, imos do Burgo, central na súa obra e onde asina *A gaita*, até a Ferrería e a praza da Verdura, pasando por Santa María e a Pontevedra do mar e dos mareantes da Moureira: “¡Que viva a Moureira! / ¡Viva o Sacramento! / ¡Vivan os que rompen / cadeas de ferro! / ¡Que vivan que vivan / os ilustres netos / do noso Charino / por seclos eternos!”.

Pero Pintos tamén é da bisbara, de Mourente a Figueirido, do Lérez até o mar da Lanzada, imitando nisto o seu admirado mestre e do mesmo xeito que Rosalía, en Compostela, é da catredal, pero tamén é de Cornes, de San Lourenzo, de Balvís, de Vidán e Conxo, do Sar e do Sarela.

Si, Rosalía coma Pintos e Sarmiento, feito o manifesto de independencia e ergueita a oposición política Galicia / España tamén desde a paisaxe, aínda ten tempo para, coma na Chan da Parafita, situarse nun lugar elevado, nas Torres de Ermida, e desde alí debuxar cos seus nomes a súa Terra de Iria: Laiño, Lestrove, A Ponte, A Adina, Padrón, San Lois, O Souto, Campaña, Valga... E antes ca Rosalía xa viñera o brigadier berciano Antonio Fernández Morales, facéndolle un monumental canto á Terra do Bierzo occidental, fundamentado na cultura e mais na lingua, pero sobre todo na dignificación da súa paisaxe. Como despois viñeron Pondal coa súa terra roxa ó arar, nobre testa de Bergantiños. E vi-

ñeron Cabanillas co Salnés e Manuel María coa Terra Cha e Uxío Novoneyra co Courel. Esa relación coa paisaxe, esa ocupación e o recurso permanente dos topónimos está primeiramente en Sarmiento. E é de Sarmiento de onde o noso Pintos estende a pulsión dos nomes, a pulsión toponímica a outras bisbarras. Falando dos traballadores da seca do Serrido, o Salnés:

Alí van do Grove e Curro
de Dorrón e Sobradelo,
e de Armenteira e de Nantes,
Santa Cristina e Loenzo,
van de Meis e de Baión,
Santo Tomé, San Lourenzo
van de Bamio van de Cea,
de Ouviaña e de Tremoedo,
van os do monte da Escusa,
e mais aínda de máis lexos,
van de Caldas e de Cuntis,
Vilagarcía e Sanxenxo.

Sarmiento, coma un substrato permanente, alimenta a literatura galega do XIX e debuxa desde a raíz os principais perfís de todo o sistema literario galego, así na ortografía independente como nas formas, nos temas, no suxeito literario e nese motor que aínda hoxe nos ten en marcha, porque aínda estamos no Rexurdimento: a dignificación da nosa lingua e da nosa patria. Xoán Manuel Pintos foi o seu principal discípulo e valedor. Só desa achega podemos falar hoxe aquí. Se lles parece pouco orixinal esta (precursor dos que cremos que o precursor é Sarmiento, como dixera Axeitos), pensemos na importancia e influencia que a súa poesía, mesmo a dispersa, tal e como nola estudou Ríos Panisse, tivo en todo o Rexurdimento; pensemos na súa poesía social e política, filla do ideario do seu tempo, marcado polo liberalismo político e polo provincialismo en claves moi similares ás de Añón ou ás do berciano Fernández Morales; pensemos n’“O achadizo” (1845), onde pon os ollos Pintos, coma Xosé Bieito Amado, nos orfos, nos expósitos, nos “Ignotus” da Rosalía de “Tembra un neno”, nos miserables Vidal, nos que non teñen nada Curros; pensemos n’*A usura*, tamén dese ano, e destes que corren: “Viúvas e orfos e mais retirados, / e todos que tendes escaso diñeiro, / decide, decide, contade, cuitados, / do modo que aforca ruín usureiro”; pensemos na revolución agrarista, en plan Cabanillas, aínda que a indumentaria sexa máis enxebre, que aparece n’“O soño que tivo un home no ano 45...”:

Camisas rachadas,
amarras de orelas,
galorchos e socos
e zapatos vellos,
cirolas de estopa,
de tascos, de lenzo,
chaquetas de trapos
e farrapos negros,
monteiras a pote
con prumas, prumieiros,
chaleques de lan
brancos e amarelos,
algúns encarnados,

mui poucos sombreiros
e muitos descalzos,
outros en cabelo.
Os sachos, legós
forcados, piqueiros,
cambós e gadañas
e fortes cacheiros,
e as picarañas
e fouzas ó ombreiro
as armas facían
daquel reximento.

Pensemos nos seu longuíssimo poema “A Galicia”, de 1861, que, como agudamente observa Ríos Panisse (74-75), é un primeirísimo gromo de poesía épica, con base nos feitos históricos máis relevantes e significativos, a fundación da primeira monarquía sueva, pomos por caso, perro tornándose en plural canto a Galicia (memorábel o repaso onomástico dos peixes). Contra o final:

Quizais teus fillos inde che precuren
un novo menumento
e ardendo no amor patrio que che xuro
resoe, traspasando o firmamento,
o nome de Galicia, santo e puro.
Que é doce halar ca sede da xusticia,
é doce halar da caridá ca sede,
fuxir do encontro de dourarde rede
que máis encobre as mallas da malicia,
da pesoña e da inxusticia,
é doce halar por quen como nós fala,
é doce halar por quen nos faga o ben,
é doce halar por quen como nós hala
sin desexar o mal para ninguén”.

Unha verdadeira noite reinaba no ceo literario de Galicia. Rosalía é un principio, pero tamén é un final. Aquí en Pontevedra, con Xohán Manuel Pintos, que tamén tiña xeración, unha alborada nova e firme –viña dos lóstregos de Sarmiento– comezou a espertarnos do sono, a quentarnos do frío das tebras e a iluminar os nosos traballos e os nosos días. Despois veu a alborada de Rosalía. E veu a de Pondal. E viñeron tódalas de Manoel Antonio, a alborada de gloria de Castelao... E a alborada continúa.

Bibliografía:

- Allegue, P. (2001): *Martín Sarmiento: un intelectual ilustrado*. Xerais, Vigo.
- Álvarez Lires, M. M. (2002): *Sarmiento: un científico da segunda Ilustración*. Santiago de Compostela, Universidade.
- Angueira, A. (2011): “Terra e pobo en Novoneyra”, comunicación ó Congreso Novoneyra celebrado na RAG en febreiro de 2011, inédito.
- Axeitos, X. L. (2011): “Alocución pronunciada con ocasión do plenario da RAG en Pontevedra na honra de Xoán Manuel Pintos no seu 200 aniversario”, inédita.

- Beramendi, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo, Xerais.
- Carballo Calero, R. (1975, 2ª): *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Vigo, Galaxia.
- Castro, Rosalía (1990): *Cantares gallegos*. Ed. de Xavier Rodríguez Baixeras. Vigo, Xerais.
- Durán, J. A. (1999): *Conflictos e tenruras de Manuel Murguía. A loita pola vida (1833-1923)*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- Fernández Morales, A. (2003): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Ed. facsímile da de 1861. Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos.
- Hermida Gulías, C. (2010): “O primeiro poema en galego (1842) de Xoán Manuel Pintos Villar”, en *A Trabe de Ouro*, 82, 295-299.
- Hermida Gulías, C. (1992): *Os Precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo, Xerais.
- Mariño Paz, R. (1997): “Sobre a elaboración do galego escrito polo Padre Sarmiento” en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995*. Vol. II. Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 89-120.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- Méndez Ferrín (2002): “O Coloquio do Padre Sarmiento”, en *A Trabe de Ouro*, 50, 279-283.
- Murguía, M. (1975): *Los Precursores* [4ª ed., facsímile da de 1885], A Coruña, La Voz de Galicia.
- Pintos, X. M. (2002): *A gaita gallega*. Ed. de Carne Hermida. Vigo, Xerais.
- Vélez Latorre, X. M. (1997): “Juan Manuel Pinto se o Padre Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995*. Vol. II. Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 169-174.
- Xove Ferreiro, X. (1997): “Uso e defensa do galego: Frei Martín Sarmiento en Juan Manuel Pintos”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995*. Vol. II. Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 155-157.
- Xove Ferreiro, X. (1999): “O primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos”, en *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Vol II. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 731-740.